



El espectáculo incluyó un acompañamiento espectacular. **EDUARDO**

Rafael Amargo encandila al Colón con su visión moderna del flamenco

A CORUÑA / LA VOZ

Lleno en el Teatro Colón para el estreno del último espectáculo del bailarín Rafael Amargo. Bajo el título de *Íntimo*, el artista ofreció una lección de su particular concepción del baile, una mezcla entre los elementos tradicionales del flamenco con una coreografía de corte mucho más contemporáneo. El resultado fue un *show* vivo que dejó a la audiencia del Colón con la sonrisa en los labios.

Ya había anunciado el au-

tor que en este espectáculo se enfrentaba a sí mismo. «Es Amargo contra Amargo. Bailo con los golpes de la música», dijo en su presentación. Sin embargo, en escena, pese a optar por el minimalismo, se hace acompañar de seis personas que complementan toda su expresividad.

Al final, el público lo obsecuó con una salva de aplausos y el artista, visiblemente emocionado, correspondió devolviendo elegantemente el aplauso.



UNA FERIA CONSOLIDADA

Coches con tirón en Expobec

A pesar del mal tiempo, fueron muchas las personas que acudieron ayer a las instalaciones de Palexco para descubrir las últimas novedades del salón Expobec, especializado en eventos nupciales. Los coches de época, como el Bentley de la imagen, despertaron una gran expectación. **FOTO EDUARDO PÉREZ**

XAQUÍN CHAVES PINTOR

«A abstracción é como o jazz: dás notas ata que aparece algo»

O artista arousán expón a súa obra máis recente, «Pintura habitada», na galería Atlántica de A Coruña

MARÍA BALLESTEROS
A CORUÑA / LA VOZ

A Xaquín Chaves (Vilaxoán-Vilagarcía, 1959) góstalle falar da súa ría, a de Arousa, como dunha pequena Florencia, que viu nacer a Castelao, Cabanillas, Asorey, Julio Camba, Valle-Inclán... «A metade da cultura importante de Galicia saíu daí», subliña o pintor, que, con fe renacentista, adicase tamén á poesía, o deseño, o cartelismo, a escultura... Postos a ser, Chaves foi ata taxista, nunha época da que conserva intacta a súa «paixón por pintar». A mesma paixón da que saen as obras que está a expoñer no centro de arte Atlántica de A Coruña.

—**¿Como leva o seu plan de xuntar abstracción e figuración?**
—É unha teima de tolos. Eu empecei moi novo, con quince ou dezaseis anos, a pintar no campo, e esa paixón por pintar do natural perviviu cos anos e cos cambios estilísticos. Nesta exposición tentei aplicar os meus anos de abstracción e recobrar eses elementos da natureza que me sinceran co meu entorno e que estaban a petar en min. É unha laboura complexa.

—**Parece.**
—E cecais quimérica. Non che digo que non... O que procuro é recoller o eco dos elementos naturais: interésanme máis as atmósferas que o ceo; a acuosidade, que a auga ou que o mar. Tentas esencializar, non ilustrar.

—**Nesa busca, ¿danlle ganas de facer borrón e empezar de novo?**
—Sempre. Sempre. A creación só a entendo dende a posición de aceptar que tes que correr certos riscos. Un pintor, se é consciente, está sempre así: ao borde do fracaso. No traballo creativo hai doses moi grandes de reflexión sobre o fracaso: sentes esa cercanía do todo e ás veces te encontras con nada, con que estás moi lonxe. É un proceso a longo prazo e unha vida practicamente non che dá...

—**¿E por onde anda agora?**
—Nun momento bo, porque a miña pintura recobrou uns elementos que eu necesitaba, moito. E estou moi contento.

—**¿Ao lenzo enfróntase coa men-**



Xaquín Chaves, diante de una de sus creaciones. **GUSTAVO RIVAS**

te en branco ou cunha imaxe?
—Ás veces é unha pequena armonía cromática, un *modus de pintar*, catro apuntes mentales...

—**¿E xa?**
—Un pintor abstracto é como un músico de jazz: empezas a dar notas, manchas, ata que comeza a aparecer algo. E aí é cando empezas a pintar o cadro. A xénesese case sempre é así.

—**¿Como son eses momentos en que sae algo realmente bo?**
—Os momentos plenos son escasos. Ao mellor tres, catro veces ao ano. O resto é moito moi-

to traballo de buscar esas pequenas perlas, flores, que che saen moitas veces nos momentos máis inesperados, cando xa dis: non hai perla. É o que dicía Picasso: a inspiración que me colla no estudio, traballando. O pintor é un animal de estudio.

—**¿Animal de estudio?**
—É case como unha ciencia, sobre todo o abstracto: colles un fungo e ves o que vai pasando. A pintura figurativa deféndese moito coa literatura, é máis faladora, prosaica. A abstracta é moito máis lírica. Eu concibo a pintura como moi silenciosa.